

**ACTA N° 7/2012**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

En Paradela, a vinte e nove de novembro de 2012.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnense en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2012.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de setembro 2012, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de setembro de 2012.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos once Concelleiros que asisten á sesión (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

### **3º.- DECLARACIÓN, SE PROCEDE, DE INDIPONIBILIDADE DOS CRÉDITOS.**

O Sr. Alcalde-Presidente pon de manifesto á Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

Con data de 14 de xullo tense publicado no BOE, o Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, entrando en vigor o día 15 de xullo.

O texto legal establece no seu artigo segundo relativo á Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público o seguinte:

*1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22. Un da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria coma da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do dito mes.*

*4. As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes Leis de presupostos.*

*6. O disposto nos apartados anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional.*

Segundo o disposto no artigo 2.4 anterior, os créditos previstos para o aboamento das citadas pagas, han quedar afectados a achegas a plans de pensións ou similares, sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros.

Visto o informe emitido por Secretaría –Intervención, e vista a necesidade de declarar como créditos non dispoñibles os correspondentes á paga extraordinaria suprimida, aos efectos de dar cumprimento ao tan citado texto legal propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Que se aprobe a declaración de non dispoñibilidade do crédito orzamentario das seguintes aplicacións orzamentarias, polo importe correspondente á paga extraordinaria do mes de decembro por importe total de 13.312,32 euros, quedando os ingresos afectados ás achegas a plans de pensións ou similares, conforme preceptúa o RDL 20/2012.

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
Área de de Gasto	Artigo		
2	13	Actuacións de promoción e protección social. Gastos de persoal. Persoal laboral. Traballadora	3.341,06

		Social e Técnico Local de Emprego	
9	12	Actuacións de carácter xeral. Gastos de persoal. Persoal funcionario.	9.971,26
		<b>TOTAL CRÉDITO</b>	<b>13.312,32</b>

SEGUNDO. Que se proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes.

Paradela, a 8 de novembro de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López dicindo que o seu grupo se vai abster, porque non estamos de acordo coa supresión da extra de Nadal ao persoal da Administración.

Procédese a votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola maioría absoluta, co voto favorable dos nove membros do Grupo Municipal Popular, e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 14/2012, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.**

O Sr. Alcalde-Presidente pon de manifesto á Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Vista a execución do orzamento 2012, en data 19 de novembro de 2012, e analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo disponible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2012.

En data 14 de novembro de 2012 ten entrada no rexistro xeral, núm. 1.675, comunicación da Excm. Deputación de Lugo por la que se pon en coñecemento do Concello que polo Pleno da entidade provincial, con data 30 de outubro, acordouse a elaboración do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal e de estradas para o ano 2012, establecendo o prazo para a formulación de propostas ata o día 27 de novembro de 2012, no que a contía da inversión non poderá ser inferior a 20.901,96 €; sendo a achega da Deputación como máximo de 13.607,84 € e a aportación mínima do Concello de 10.000,00 €.

En data 21 de novembro de 2012, por acordo da Xunta de Goberno Local propúxose incluír no Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia municipal e de estradas para o ano 2012, polo Concello de Paradela, a obra denominada “Abastecemento de auga a Toimil e Cortiñas” cun orzamento de execución de 31.000,00 euros.

Sendo necesario prover crédito na partida 1.62 relativa a Servizos públicos básicos de Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos, como é proxecto proposto polo Concello; cando no momento da aprobación do Orzamento para o ano 2012 preveuse o crédito con carácter xenérico na área de gasto 4 relativa a

actuacións de carácter económico. Asemade e vinculado co anterior os gastos de carácter inmaterial derivados da redacción de proxectos e dirección de obra preveuse na área de gasto 4 polo que é necesario transferir o crédito a área de gasto 1.

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:

Destá forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 40.000,00 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	62	Servizos públicos básicos. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos.	31.000,00
1	64	Servizos públicos básicos. Gastos de inversión de carácter inmaterial.	5.000,00

Baixas en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	60	Actuacións de carácter económico. Inversión nova en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	15.000,00
4	61	Actuacións de carácter económico. Inversión de reposición infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	16.000,00
4	64	Actuacións de carácter económico. Gastos de inversión de carácter inmaterial.	5.000,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 14/2012, segunda de competencia de Pleno, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	60	Actuacións de carácter económico. Inversión nova en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	15.000,00
4	61	Actuacións de carácter económico. Inversión de reposición infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	16.000,00
4	64	Actuacións de carácter económico. Gastos de inversión de carácter inmaterial.	5.000,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	62	Servizos públicos básicos. Inversión nova asociada	31.000,00

		ao funcionamento operativo dos servizos.	
1	64	Servizos públicos básicos. Gastos de inversión de carácter inmaterial.	5.000,00

**SEGUNDO.-** Expór este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela a 23 de novembro de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Sen que se produza debate algún, procédese á votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía, pola unanimidade dos once Concelleiros que asisten á sesión (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

#### **5º.- APROBACIÓN DO TEITO DE GASTO PARA O EXERCICIO 2013.**

O Sr. Alcalde-Presidente pon de manifesto á Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2013.

Visto o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece:

*“O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teiro de asignación de recursos do seus Orzamentos.*

*O límite de gasto non financeiro excluirá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiación de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais”.*

Visto o artigo 12 da mesma Lei que esixe ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. En concreto, o 21 de xullo de 2012, o Goberno elevou ao Congreso, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,8% do PIB) para o período 2013-2015, a regra de gasto para os orzamentos do 2013, 2014 e 2015, isto é, 1,7%, 1,7% e 2% respectivamente.

Visto o informe de Secretaría-Intervención, emitido en data 23 de novembro de 2012.

En base a todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar, de conformidade co disposto no apartado 1º do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e en coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto regulados na devandita lei, o límite máximo de gasto non financeiro deste Concello, que

marcará o teito de asignación de recursos destes Orzamentos, por importe de NOVECENTOS NOVENTA E UN MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (991.458,04 €).

Paradela, 23 de novembro de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López dicindo que o seu grupo se vai abster, porque non estamos de acordo coas medidas que se están a tomar polo goberno da nación.

Procédese a votación, resultando aprobada a proposta de Alcaldía pola maioría absoluta, co voto favorable dos nove membros do Grupo Municipal Popular, e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

### **6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL - EJERCICIO 2013.**

O Sr. Alcalde presenta o Orzamento, dicindo que o Orzamento se presenta con toda a documentación e anexos que establece a lexislación vixente, facendo fincapé no estado de gastos. Procedendo a facer un resumo tamén do persoal, das Bases de execución, anexo de inversións e do estado da débeda, fundamentalmente.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, D<sup>a</sup>. Sonsoles López solicitando, se fose posible, que xunto coa convocatoria se lle remitan os documentos esenciais para pode examinalo con maior tempo, así como que se colgue na páxina web do Concello.

O Sr. Alcalde di que en canto a tema do envío da documentación, estudiarao.

Respecto á publicación na páxina web, intervéñ o Secretario-Interventor dicindo que unha vez aprobado vaise a publicar, xa que ten carácter público e non hai ningún impedimento.

Toma de novo a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, D<sup>a</sup>. Sonsoles López dicindo que o seu Grupo se vai abster porque si ben non dubida de que o orzamento tecnicamente sexa correcto, non é o seu proxecto de orzamento e se no momento en que había máis recursos non se fixeron cousas menos se van facer agora.

A proposta do Grupo Municipal Popular, é a seguinte: “Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2013 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2013 co seguinte detalle:

#### **ESTADO DE GASTOS**

##### **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS**

##### **A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES**

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	427.000,00
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	381.200,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	4.986,67

CAPÍTULO IV: Transferencias Corrientes	30.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	242.000,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNs FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	26.313,33
<b>TOTAL:</b>	<b>1.111.500,00</b>

#### **ESTADO DE INGRESOS**

OPERACIÓNs NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNs CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	342.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	44.800,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	107.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Corrientes	576.500,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	25.000,00
B) INGRESOS POR OPERACIÓNs DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	16.200,00
OPERACIÓNs FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>1.111.500,00</b>

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2013, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, a sí coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

A continuación procédese á votación, resultando aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, cos nove votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos membros do Grupo Municipal Socialista; sendo once o número legal de membros”

**7º. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTEVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2012.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao terceiro trimestre de 2012, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A fiscalización exércese de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), emitíndose o seguinte informe na estricteza orde económica, con relación ao artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 40 días.

#### CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, o presente informe limitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 30 de setembro de 2012.

#### LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

*“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.*

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

*Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

Queda claro que do mencionado precepto derivase a obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas do Concello de Paradela, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos



Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, *sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.*

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

*“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.*

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas no anexo ao presente informe.

Paradela, 19 de outubro de 2012. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”

## ANEXO I

### INFORME DE PAGOS REALIZADOS

Nº pagos realizados dentro período legal pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
<b>42</b>	<b>80.157,03 €</b>	<b>67</b>	<b>41.800,70 €</b>

### INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE

Nº de operacións pendentes dentro periodo legal pago	Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal pago	Nº operacións pendentes fóra periodo legal pago	Importe de operacións pendentes fóra periodo legal pago
<b>53</b>	<b>48.297,76 €</b>	<b>25</b>	<b>161.819,83 €</b>

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: **0,00 €**

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA : **NINGUNHA**

**8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS QUE CONFORMAN A CORPORACIÓN, EN APOIO Á FACTORÍA DE CEMENTOS DE OURAL.**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polos Grupos Políticos que conforman a Corporación, en apoio á factoría de cementos de Oural, co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN DE APOIO Á FACTORÍA DE CEMENTOS DE OURAL

Os abaixo asinantes, en representación dos dous grupos políticos que formamos parte da Corporación Municipal do Concello de Paradela, queremos amosar o noso apoio incondicional á factoría de Oural, unha fábrica que durante décadas leva sendo o símbolo industrial de Sarria e a súa Comarca, empresa da que depende unha parte importante do tecido socio-económico da Comarca.

Creemos firmemente que esta fábrica ten futuro e que nos corresponde a todos: administracións, propietarios e dirección de empresa, traballadores e tódolos cidadáns desta Comarca remar xuntos na procura de garantir ese futuro que cremos posible e necesario para todos nós, sendo importante así mesmo lembrar que nestes momentos, cementos de Oural é a única empresa existente en Galicia dentro do sector.

Sen a fábrica de cementos de Oural, a Comarca de Sarria xa non sería a mesma, e tócanos a todos dar os pasos necesarios para a súa defensa, instando dende aquí a todos os axentes antes enumerados na procura de obter o que todos desexamos, que a factoría de cementos de Oural continúe.

Por todo o anteriormente exposto,

Instamos a tódalas Administracións (Estatal, Autonómica, Provincial e Locais) no apoio incondicional ás solucións que se plantexen para manter a viabilidade da factoría e a dar pasos na análise da situación e na búsqueda das garantías necesarias por parte da empresa no mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo.

E rematando e considerando pilar fundamental desta reivindicación, a tódala cidadanía da Comarca de Sarria na concienciación do necesario apoio a esta empresa como parte importante da realidade socio-económica da Comarca de Sarria.

En Paradela, a 23 de novembro de 2012.

O Grupo Municipal Popular. O grupo Municipal Socialista

Sometése a votación a Moción, resultado a súa aprobación pola unanimidade dos once Concelleiros que asisten á sesión (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

**9º.- INFORMES DE ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde di que trae ao Pleno un tema farragoso como é o tema eólico en Paradela, para poder explicarllo ao veciños.

Procede á lectura do informe co seguinte contido:

“*INFORME DA PRESIDENCIA:*

*SENTENZA EÓLICA*

*Hoxe é un deses días, que sentes un alivio, á vez que unha profunda inquedanza e desacougo. En primeiro lugar, o alivio de poder acreditar que sempre fomos honestos cos veciños e viñemos traballando a prol dos seus intereses. E por contra, o desacougo,*

*ao comprobar o dano que o noso pobo, ou sexa os nosos VECIÑOS, veñen de sufrir pola avaricia irresponsable dunha parella de cidadáns, por certo, (oriúndos doutros Concellos)*

*que encontraron entre nós traballo, respecto e agarimo; sen que eles se integrasen xamais como veciños, a pesares de que os “dous vivían” dos Cidadáns de Paradela.*

*Como os antecedentes son extensos e podémonos alongar, comezaremos no ano 2001. Para poder alumear con claridade suficiente tería que escribir unha novela e ese non é o caso, así que farei unha síntese dos mesmos, sen esquecerme do máis importante.*

*No Ano 2001, o 9 de xullo, por resolución da Consellería de Industria apróbase e publícase, sometendo a información pública estudio medioambiental, o proxecto eólico PENAS ALTAS, así como SERRA DAS PENAS, o primeiro con 72 aeroxeneradores e o segundo con 44. Con máquinas dunha potencia de 660 KW. Todo isto en relación coa zona eólica determinada pola Xunta no Concello de Paradela, Bóveda e O Saviñao.*

*Os seguintes anos comézase a tramitación e os contactos cos veciños propietarios para acadar os acordos precisos como arrendamentos ou vendas das súas parcelas, pasos de líneas, accesos á situación de cada máquina. Proxéctanse as redes de evacuación, adquírense os dereitos de vertido á Rede Española, que son concedidos na Subestación de Mato en Chantada, cruzando o encoro de Belesar, digo isto para que se estimen os custos dos dereitos de evacuación así como construción e paso da liña e os seus permisos de pasos, parte deles xa negociados.*

*Nesta primeira fase dos proxectos, Don Juan-Perfecto Fernández López actívase dun xeito extraordinario: propoñendo fincas e animando a outros veciños da Parroquia de Castro de Rei a facer o mesmo, incluso visita algún propietario e propónlle a compra de parcelas. Visitando o Concello con frecuencia para interesarse polos proxectos e para recadar información.*

*Co paso do tempo a tecnoloxía vai avanzando, o mesmo ca tramitación dos parques, pero a empresa Made Energías Renovables, en vistas dos avances tecnolóxicos, modifica os proxectos, propón a colocación de máquinas de máis potencia, pasando dos 660 KW a 2000, o que reduce dun xeito importante o impacto ambiental, á vez que mellora a rendibilidade dos proxectos. Así vai pasando o tempo ata o 2003/04, que se presentan o Proxectos de Serra das Penas e Penas Altas, xa modificados, propoñendo a colocación de 49 máquinas cunha total de produción de 98 MW.*

*Por estas datas ENDESA-Made, pasa a denominarse ECYR (Endesa Cogeneración y Renovables)*

*Despois de todos estes anos de traballo, ECYR, Concello, e éste coa Consellería de Industria negocia para acadar un parque propio, si é posible dentro da zona asignada a ECYR e despois de chegar a un acordo de colaboración cos titulares da zona (Ecyr), conséguese a creación dunha sociedade na que participa o Concello cun 10%, chamada Paravento S.L., que acada da Consellería una autorización para a construción dun novo parque eólico, con resolución de admisión a trámite de data 6 de*

maio de 2004, cunha potencia de 13 MW. Con posterioridade, acádase una mellora de 2 MW máis.

Foi empezar os trámites de negociación cos propietarios e comprobar que a parella Don Juan-Perfecto e Dona Mercedes Cela, que non son titulares de ningunha parcela beneficiada, empezan aquí a súa loita tipo “Don Quixote e Dulcinea” a loitar contra os “MUIÑOS DE VENTO”. Invocando a titularidade da Casa de Turismo Rural do FOILEBAR e inventándose graves prexuízos para ela comezan unha batalla, recorrendo todo o que aparece e movendo “Roma con Santiago”, pero o máis grave é o seu proceder ao percorrer os pobos recollendo firmas e dicíndolles aos veciños que estes muíños de vento eran “peor ca peste negra”: as vacas abortarían, as mulleres preñadas sufrirían as malformacións dos seus pequenos, novos e vellos morreríamos de cancro e un sen fin de “toleadas” mais.

*AGORA BEN, ESTA FAMILIA É A ÚNICA QUE TEN UN AEROXENERADOR NA SÚA CASA E PARA O SEU CONSUMO, QUE POR CERTO, QUE AÍNDA SENDO PEQUENO FAI MÁIS RUIDO COS DE 2.000 KW. Coherencia.*

Coido que estas son fiel reflexo do personaxe. Iso si, tería solución se á familia se lle indemnizase con 1.800.000 €, segundo solicita na demanda.

Estas firmas dos veciños recólleas sen ningún texto ou documento, utilizando folios en branco que logo engade aos seus recursos persoais, segundo lle conveña.

Despois dun sen fin de recursos contencioso-administrativos, acude ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que acada una sentenza o 26 de outono de 2006. O meu entender unha sentenza confusa, como logo dirá o Tribunal Supremo e como entendeu sempre a Xunta de Galicia, continuando os trámites necesarios para a construción dos Parques Paravento S.L. e Serra das Penas e Penas Altas.

Despois de promover incidente para a execución de sentenza, resolto o 10 de maio do 2011, tampouco lle gustou a esta familia e recorreuno de novo. A oportuna resolución desestimatoria do recurso foi o 5 de setembro do 2011. Notificado o auto, formularon recurso de CASACIÓN ante o TRIBUNAL SUPREMO, que fallou na súa contra na data 31 de outono de 2011, con imposición de costas hasta un máximo de 3.000 €.

Todas estas dilixencias, mantiveron en vilo á empresa promotora, non procedendo á execución do proxecto ata ter garantida unha sentenza clara, como agora sucede.

Eu quixera deixar constancia que, o meu entender, tampouco nos axudaron a sacar adiante o proxecto as firmas presentadas, a maior parte feitas de boa fe. Pero tamén quero aclarar que algúns “alguacilillos”, que todos coñecemos e non é necesario lembrar, tiraron pedras contra o seu propio tellado.

Agora veremos unha valoración do que supoñía a construción naquelas datas 2005-2007. E como dixo Iglesias Corral “aquí pasou o que pasou”. E eu o que digo é que cada quen que achante coa súa responsabilidade.

Para facerse unha idea, si se executasen os proxectos cando se pretendía, anos 2005-2006-2007, tamén se produciría un forte incremento na renda dos cidadáns de Paradela, ao executarse obras por importe de :

Penas Altas:	57.672.836
Serra das Penas	42.535.327

Paravento S.L

8.462.086

Total obras.....108.670.249 € / 18.081.208.050 PTAS

*Lembrarlles a todos vostedes que nesas datas pagábase o MW a 80 € e ía subindo durante os próximos 30 anos o IPC (unha media do 3%).*

*Teño que manifestarlles que a nosa relación con ECYR foi sempre excelente, de colaboración plena, aínda desde a discrepancia cando xurdiu.*

*Esta empresa solicitou a correspondente licenza polo parque que levaba máis avanzado, Serra das Penas, aboando o día 13 de novembro de 2006 a cantidade de 363.971,73 €, cantidade que o concello dedicou a investimento.*

*Cando tivemos constancia da existencia de xurisprudencia que incluía os aeroxeneradores nas liquidacións da licenza, presentamos unha nova liquidación complementaria, que recorreron, por norma xeral, ante o Contencioso Administrativo, resultando a Sentencia favorable ao Concello, polo que se nos ingresou a cantidade de 517.419,29 € en data 18 de agosto de 2011. Sendo o total ingresado en concepto de licenza municipal 881.391,02 €*

*QUERO LEMBRAR TAMÉN QUE EXISTÍA UN ACORDO PARA A IMPLANTACIÓN NO MUNICIPIO DA EMPRESA DE MANTEMENTO, COA PREVISIÓN DE CREACIÓN DE 12 POSTOS DE TRABALLO, POIS TAMÉN ATENDERIAN DESDE AQUÍ A OUTROS PARQUES DA ZONA.*

*Agora entrarei na rendibilidade, de todo isto.*



<b>ARRENDAMIENTO LAGÜELA-SERRA DE ANDREADE-PARAVENTO, S.L.</b>								
Nº AEROS	7							
POTENCIA	13,2							
Pº MWh	80,00 €							
	<b>ANUALIDADES</b>							
	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	72.864,00 €	75.195,65 €	77.601,91 €	80.085,17 €	82.647,90 €	85.292,63 €	88.021,99 €	90.838,70 €
<b>TOTAL LUCRO CESANTE AÑOS 2005 A 2012 SUPONIENDO RENTA 3% DE LA FACTURACIÓN DEL PARQUE E IPC 3,2%</b>								<b>504.488,29 €</b>
<b>SUPUESTO DE UN PROPIETARIO QUE EN 2005 LE CORRESPONDIERE COBRAR 14.000 €</b>								
	14.000,00 €	14.448,00 €	14.910,34 €	15.387,47 €	15.879,87 €	16.388,02 €	16.912,44 €	17.453,64 €
<b>LUCRO CESANTE AÑOS 2005 A 2012 CONSIDERANDO IPC 3,2%</b>					<b>125.379,76 €</b>			

**ADE SERRA das PENAS**

Parques	Potencia (MW)	Nº Aeros.	Precio Energía Heq
Spenas	92	46	80 €/MWh
Paradela	12	6	2300 horas

**Total Potencia 104**

IAE	IBI	Canon	ICIO+tasa	Apertura	Terrenos	2010	2011	2012	2013
124.800,00 €	270.400,00 €	142.600,00 €	2.166.666,67 €	145.600,00 €	574.080,00 €				
	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
	3.281.546,67 €	969.280,00 €	969.280,00 €	969.280,00 €	969.280,00 €	1.111.880,00 €	1.111.880,00 €	1.111.880,00 €	1.111.880,00 €

**Lucro cesante 2005-2012:**

Para el Concello:	5.901.666,67 € (*)
Para los vecinos (terrenos):	4.592.640,00 € (*)
<b>TOTAL</b>	<b>10.494.306,67 €</b>

**Lucro cesante 30 años:**

Para el Concello:	17.733.266,67 € (*)
Para los vecinos (terrenos):	17.222.400,00 € (*)
<b>TOTAL</b>	<b>34.955.666,67 €</b>

(\*) No se han considerado actualizaciones por IPC ni IPC energético en la retribución de la instalación



ADE SERRA das PENAS			
Parques	Potencia (MW)	Nº Aeros.	
Spenas	42	21	
Paradela	12	6	
<b>Total Potencia</b>	<b>54</b>		

**Precio Energía** 50 €/MWh  
**Heq** 2300 horas

IAE	IBI	Canon	ICIO+tasa	Apertura	Terrenos
64.800,00 €	140.400,00 €	68.850,00 €	1.125.000,00 €	75.600,00 €	186.300,00 €

2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
1.592.100,00 €	391.500,00 €	391.500,00 €	391.500,00 €	391.500,00 €	460.350,00 €	460.350,00 €	460.350,00 €	460.350,00 €

**Lucro cesante 2005-2012:**

Para el Concello:	3.048.750,00 € (*)
Para los vecinos (terrenos):	1.490.400,00 € (*)
<b>TOTAL</b>	<b>4.539.150,00 €</b>

**Lucro cesante 30 años:**

Para el Concello:	9.077.850,00 € (*)
Para los vecinos (terrenos):	5.589.000,00 € (*)
<b>TOTAL</b>	<b>14.666.850,00 €</b>

(\*) No se han considerado actualizaciones por IPC ni IPC energético en la retribución de la instalación

*O vento pasado xa non volta, os tempos tampouco e hoxe o MW anda sobre os 50 €, fíxense vostedes, as perdas de tódolos beneficiarios deste proxecto. Os pagamentos estaban garantidos polos trinta anos de vida estimada do parque. Os primeiros os propietarios das parroquias de Castro de Rei, Aldosende, Andreade—Vilaragunte e Barán así como a de Sta.Cristina.*

*Nestas últimas teño que dicir que botei de falta unhas directivas máis prudentes nas comunidades de montes. Pois só non se deixaron guiar polos demandantes, se non que ata subscribiron documentos defendendo a casa de turismo rural. Imaxínome que terán que render contas ante os seus comuneiros.*

*A ningún se lle escapa que nos momentos que vivimos, estes recursos serían importantísimos para todos. Pero voaron, como o vento que pasou xa non volta xamais. E aínda que os proxectos se fagan realidade, as contas xa son outras”.*

Dona Sonsoles López, voceira do grupo municipal socialista, agradece o Informe, e solicita unha copia; lamentando que non houbera máis información, de feito ela di que oiu barbaridades sobre a persoa do Alcalde, a que moitas delas non dou crédito.

O Sr. Alcalde pídelle que non ten problema en que poña de manifesto o que oiu, e que se lle explicou no seu momento aos veciños que viñan ao Concello preguntar e en diversas reunións o tema dos custos e os derivados deste tema e tamén as Comunidades de Montes.

A voceira do grupo municipal socialista, entende a postura do Sr. Alcalde e o seu “cabreo” se se lle permite a expresión, pero di que houbo en moitos momentos un caos de información.

## **10º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre, formulándose varias preguntas que se reproducen a continuación:

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta en referencia ao informe que acaba de ler e no que di que o vai a dar a coñecer aos veciños, de que xeito o vai facer.

O Sr. Alcalde respóstalle que aínda non no ten decidido, se a través de reunións cos veciños ou mediante o seu envío.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta de que se trata o Convenio asinado para facer o estudo de impacto ambiental dos parques eólicos.

O Sr. Alcalde respóstalle que non se trata dun estudo de impacto ambiental senón dunha metodoloxía para o estudo do impacto dos eólicos no entorno rural, turístico e paisaxístico, con cargo a uns cartos que ENEL POWER ten que invertir neste ámbito e que decidiu que fose en Paradela.

Dona Sonsoles López di que o tema queda aclarado.

Dona Sonsoles López, quere facer unas aclaracións sobre a paxina web do Concello, dicindo que hai dúas e plantexa a eliminación dunha delas, e fai referencia tamén a que hai erros en canto ás asociacións e que faltan moitas delas.

Por parte do Sr. Alcalde dice que non hai problema e que se corrixirán eses erros falando coa persoa que leva o tema.

Intervén o Secretario-Interventor dicindo que alguna información pode que non estea correcta, debido a que o tema do Innovate quedou paralizado e non hai moito a quen dirixirse.

Pregunta, a voceira do Grupo Municipal Socialista, sobre o pago dunha factura por importe de trescentos euros feita a Panadería de María Teresa Arias Pérez en concepto de avituallamiento Ruta Ciclista Sarria- Paradela.

O Sr. Alcalde explica que se trata dunha colaboración que se fixo, co clube de ciclismo de Sarria, onde hai socios de Paradela e onde parte da proba se celebrou polos Camiños do Concello e parte da Ruta de Senderismo, con bicicletas de montaña, onde había máis de cen persoas, e foi a forma de colaborar que tivo o Concello.

Dona Sonsoles López, di que se lle debería de haber dado máis publicidade e información, xa que ela lle preguntou a distinta xente e non sabía nada ao respecto.

Formula unha nova pregunta, Dona Sonsoles López na que manifesta que tendo en conta o paro que hai en Paradela e na Comarca de Sarria como valora o feito de que para substituír ao conductor da basura só se presente un candidato.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que os candidatos da bolsa de emprego que hai no Concello, uns renunciaron e outros non podían por problemas de saúde e que unha vez feita a oferta á oficina de emprego de Sarria, esta remitiu dous candidatos; un deles renunciou por motivos persoais, polo que a persoa que quedaba cumpría os requisitos e polo tanto foi contratada.

Dona Sonsoles López, realiza unha última pregunta, sobre que valoración política fai o Alcalde da contratación dos peóns xa que un é irmán dunha Concelleira do PP e o outro cuñado do Xuíz de Paz.

O Sr. Alcalde di que sabe das persoas que poden ser contratadas unha vez ten a proposta do Tribunal.

Intervén o Secretario-Interventor dicindo que como Secretario do Tribunal séntese ofendido, xa que en todas as contratacións se valora aos candidatos polos méritos segundo o establecido nas Bases, esas valoracións son notificadas a todos os candidatos que participan no proceso xa que non coñece das relacións familiares ás que se refire a Sra. Concelleira; e do mesmo xeito que consulta outros expedientes tamén o pode facer con este. Os candidatos son os que remite a oficina de emprego, que neste caso foron once, pero seis deles renunciaron voluntariamente e valorouse aos outros cinco.

O Sr. Alcalde di que noutras ocasións unha das persoas ás que se refire quedou fora por non ter os puntos suficientes, polo que pasou a formarse e por iso agora acada a puntuación para acceder ao posto.

Dona Sonsoles López di que entón haberá que procurar que a xente se forme, dicindo ademais que non ten nada contra o Tribunal, senón que preguntaba pola valoración política das persoas que foron contratadas.

O Sr. Alcalde di que non se lle dean clases de como se contrata vendo o que está a facer a Deputación.

Dona Sonsoles López resposta que mellor non falar diso cando hai familias enteiras na Deputación da época do anterior goberno provincial.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e nove de novembro de dous mil doce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace  
O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**